



TRESAMB, ten como compromiso a superación constante xa que as necesidades de adaptación a un mercado cada vez máis competitivo e esixente fan que o noso obxectivo fundamental sexa a mellora continua tanto na atención permanente aos nosos clientes como na prestación dos nosos servizos, centrados nas seguintes actividades:

- Transporte de mercadorías por estrada.
- Recollida e transporte de residuos de orixe urbano e industrial (perigosos e non perigosos).
- Recollida e transporte de residuos de construción e demolición.
- Recollida e transporte de subprodutos tipo SANDACH categoría II e III.
- Loxística de contedores de residuos.

A nosa prioridade é a conservación e preservación do medio ambiente e por iso nos comprometemos a soste-la nosa xestión sobre unha rigorosa política de calidade e medio ambiente que serve como punto de partida para a definición do noso sistema de xestión ambiental conforme ao **Regulamento 1221/2009 (EMAS)**.

Con esta intención, **TRESAMB** define os seguintes obxectivos:

- ✓ Acadar un maior grao de competencia e motivación dos nosos empregados, fomentando a sensibilización e mellor comportamento medioambiental empregando para conseguilo todos os recursos precisos.
- ✓ Promover e potenciar propostas de mellora continua da calidade e procurando en todo momento a prevención de posibles danos á natureza.
- ✓ Crear un sistema de comunicación eficaz cos nosos clientes, poñendo a disposición pública a nosa **DECLARACIÓN AMBIENTAL** para dar a coñecer os aspectos ambientais derivados da nosa actividade.
- ✓ Asegurar a profesionalidade e a calidade demandada polos nosos clientes, mantendo os niveis de satisfacción e proporcionando o mellor servizo posible nos prazos marcados.
- ✓ Optimizar o consumo de recursos naturais e materias primas e fomentar as prácticas de redución, reemprego, reciclado e valorización dos residuos, co propósito de acadar a un sistema de xestión ambiental sustentable e eficaz.
- ✓ Adquisición e emprego das Melloras Técnicas Disponíbeis nos nosos procesos de maneira que se minimicen os impactos ambientais asociados.
- ✓ Cumprimento de toda a lexislación e regulamentación ambiental aplicable ás nosas actividades.
- ✓ Recoñecemento da importancia da participación, información e formación dos traballadores para acadar os obxectivos expresados nesta política, fomentando a comunicación, o traballo en equipo e o aporte de suxestións que permitan a mellora continua do sistema xestión ambiental.
- ✓ Estructurar o sistema de xestión ambiental de maneira que se adapte ás nosas actividades de xestión de residuos, ás demandas dos clientes internos e externos e ás necesidades existentes en cada momento.

Firmado:
Administrador de **TRESAMB**
Setembro 2015



**TRESAMB LOGÍSTICA DE
CONTEDORES SL**
C.I.F. B-27206051
LG PONTE DE OUTEIRO, S/N
27256 - CASTRO DE REI